

**Consellaría de Economía, Emprego e Industria**  
Relacións Laborais

---

C/C: Consellaría de Facenda, Delegación do Goberno de España en Galiza,  
Federación Galega de Municipios e Provincias, Confederación de  
Empresarios de Galicia

**Asunto: CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL**

Paulo Simón Carril Vázquez, con Documento de Identidade 32.819.866-Q en representación do sindicato CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG), do cal é secretario Xeral, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10 15707 Santiago de Compostela, teléfono 981564300, fax 981571082 e correo electrónico [secretarioxeral@galizacig.gal](mailto:secretarioxeral@galizacig.gal)

**EXPÓN:**

**PRIMEIRO:** O Consello Confederal da CIG decidiu convocar **FOLGA XERAL** para reivindicar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas condicións de traballo, na esfera social e o dereito a vivir sen violencia. A folga afectará a todas as actividades e centros de traballo, tanto das empresas privadas como do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza.

**SEGUNDO:** Mediante este escrito, e consoante ao disposto nos artigos 3 e 4 do Real Decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, a CIG procede a comunicar formalmente a decisión adoptada, cunha antecedencia de máis de dez días naturais e coa indicación de que a folga afecta a empresas, administracións e organismos que prestan actividades e servizos esenciais para a comunidade.

**TERCEIRO:** A folga convocada terá lugar o **8 de marzo de 2018**, Día Internacional da Muller Traballadora, nas seguintes faixas horarias: **das 00 ás 02 horas, das 12 a 14 horas e das 19:30 a 21:30 horas.**

**CUARTO:** O obxectivo da folga xeral é mostrar a repulsa á desigualdade e invisibilidade históricas que soportan as mulleres, á discriminación laboral e social que se incrementou debido á situación de crise económica que atravesamos, pero aínda máis, por mor das medidas que supostamente foron deseñadas para paliar.

Nun inicio, tras a posta en marcha de medidas destinadas á promoción da ocupación masculina, e logo polos **recortes no gasto público** (cun gran impacto nas mulleres dada a nosa presenza no sector público, que fai que sexamos as principais afectadas pola redución de salarios e a eliminación de emprego), cunha **reforma laboral** que precarizou aínda máis as condicións de traballo (abaratando e facilitando o despedimento, reducindo os custos laborais, promovendo a temporalidade, desaparecendo garantías laborais, desarticulando a negociación colectiva, privatizando a inserción laboral), cunha **reforma das pensións** que afecta singularmente ás mulleres (tanto pola súa concentración na economía informal, como polas interrupcións da vida laboral para o coidado das crianzas e

familiares dependentes, tópanse con maiores atrancos á hora de acadar a cotización esixida), coas medidas dirixidas para mellorar a empregabilidade da mocidade (pero que o que fixeron foi impulsar aínda máis a temporalidade e precarizar o emprego das mozas a través de figuras como o contrato lixo), coa eliminación da retroactividade para as persoas beneficiarias das axudas á **dependencia**, ou cunha **reforma do réxime de empregadas do fogar** que perpetúa a discriminación dunha actividade historicamente feminina.

Ou en resposta ás políticas levadas a cabo polo goberno do PP en Galiza, quen desde a súa chegada á Xunta puxo en marcha o **desmantelamento dos servizos sociais públicos**, mais non tiveron reparo en financiar con cartos públicos a un bo número de entidades ligadas á extrema dereita antiabortista, no marco dunha lei – a de familia- que cousifica a muller e que pretende devolvela ao seu rol tradicional de nai-coidadora do fogar.

A folga convócase para esixir a mellora das condicións sociolaborais das mulleres e o fin das discriminacións laborais:

- Como resposta á fenda salarial que en Galiza é do 23%
- Porque as mulleres teñen de media uns ingresos equivalentes ao 77,7% dos ingresos dun home, cando no 2009, coincidindo co estourido da crise, a porcentaxe era do 76,9%. Este achegamento débese á perda de ingresos dos homes durante este período, non por unha mellora nos ingresos das mulleres.
- Porque o salario medio anual das mulleres en Galiza é de 15.730€ cando o dos homes é de 20.243€
- Porque a ocupación medra onde baixan os salarios, o cal fai aumentar a desigualdade e a pobreza
- Como resposta ao chan pegañento ou o teito de cristal que impide promocionar ás mulleres
- Aos atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, que converten a Galiza na segunda comunidade do estado que máis demandas laborais presenta en relación con concrecións horarias de redución de xornada, permisos de lactación e por denegación de prestacións por risco no embarazo, acolléndose de xeito maioritario a solicitudes de excedencia por coidado
- Porque as súas xornadas son maioritariamente parciais e os seus contratos temporais, o cal afecta aos seus salarios, á súa cotización e merma a posibilidade de acceder a unha xubilación digna
- Porque as mulleres seguen a ser obxecto de agresións sexuais, na rúa, no lugar de traballo, sen que se adopten medidas urxentes que garantan a súa integridade
- Porque de nada serve aprobar protocolos de prevención e actuación ante o acoso, ante a violencia machista, ou planes de igualdade de oportunidades se estes son baleiros de contido, se non identifican as discriminacións, se non mudan o status quo.
- Porque é preciso amosar en todos os centros de traballo o contributo que fan as mulleres. A súa situación de desvantaxe. As discriminacións que sofren.

Convócase tamén para esixir a derogación de todas as leis e reformas legislativas (reformas laborais, reforma das pensións, etc), porque se teñen demostrado que perpetúan a vulneración dos dereitos que sofren as mulleres, ante a imposibilidade de levar a cabo as nosas propostas, que evitarían a situación de desvantaxe das mulleres nos centros de traballo, tales como:

- Estabelecer obxectivos cuantitativos de diminución da fenda salarial e mecanismos de control para eliminar as discriminacións directas e indirectas nos convenios colectivos.

- Racionalizar os horarios de traballo e reducir a xornada máxima laboral a 35 horas semanais, como medida de reparto do traballo, favorecendo a seguridade e estabilidade no emprego, así como a asunción de responsabilidades familiares en igualdade
- Recoñecer o carácter fundamental do dereito á conciliación da vida familiar, laboral e persoal, eliminando a mención recollida no artigo 38.8 do ET, que é reproducida na meirande parte dos convenios colectivos (“segundo o acordo que chegue coa empresa ou nos termos previstos na negociación colectiva”) xunto coa restrición de poder acollerse a unha redución de xornada por coidado con carácter diario, podendo facelo semanal, mensual ou anualmente, correspondéndolle aos traballadores e traballadoras a concreción horaria deste dereito.
- Estabelecer o dereito de acompañamento a consulta médica para o persoal con persoas dependentes ao seu cargo con carácter retribuído.
- Recoller o dereito a acompañamento de crianzas menores de 14 anos a consulta médica.
- Eliminar as restricións de idade no caso de excedencias por coidado de menor, podendo solicitala durante un prazo máximo de tres anos, para o coidado de fillas e fillos de até 14 anos.
- Estabelecer a duración do permiso por lactación acumulada en 4 semanas, estendendo este dereito dunha hora até que a crianza cumpra 12 meses, podendo gozar deste ao inicio, ao remate, durante a xornada ou dividilo en dúas medias horas.
- Estabelecer o dereito preferente á escolla de períodos vacacionais coincidentes cos períodos non lectivos por coidado de crianzas menores.
- Reformar o actual sistema de permisos por nacemento, adopción ou acollemento, ampliando a súa duración até acadar os 12 meses de duración.
- Que as traballadoras a tempo parcial gocen de preferencia para ocupar un posto a xornada completa vacante na empresa.
- Estabelecer mecanismos sancionadores áxiles ás empresas que non dispoñan dun plan de eliminación de riscos laborais e non adopten medidas dirixidas a protexer a saúde das traballadoras embarazadas e/ou en período de lactación en canto reciben notificación da situación de embarazo.
- Revisar a regulación existente en materia de igualdade, garantindo a súa transversalidade en todos aqueles aspectos que garden relación coa discriminación por motivos de sexo, identidade e orientación sexual, lingua, idade, discapacidade, raza, etnia, relixión, clase social e condición de inmigrante, que estableza mecanismos aplicativos (protocolos de prevención e actuación) e sancionadores acaídos.

**QUINTO:** En canto ás xestións realizadas para resolver as diferenzas, debemos indicar que a CIG, na súa condición de sindicato máis representativo a nivel da C.A. de Galiza, participa nos órganos de representación institucional da Administración Xeral do Estado, achegando a súa lexítima visión nacionalista, feminista e de clase sobre o modelo de relacións laborais e protección social. Igualmente, todos os anos elabora e formula propostas no marco das consultas para a elaboración dos Planos Estatais de Acción para o Emprego que desde 1997 ten a obriga de presentar o Goberno español á Comisión Europea.

**SEXTO:** Que o Comité de folga estará integrado polas seguintes persoas:

1. PAULO CARRIL VÁZQUEZ con D.I. 32.819.866 – Q
2. MARGARIDA CORRAL SÁNCHEZ con D.I. 32.680.656 – W
3. FRANCISCO XABIER CARTELLE PÉREZ con D.I. 32.656.027 – Y.
4. SUSANA MÉNDEZ RODRÍGUEZ con D.I. 34.999.548 – B
5. FERNANDO ACUÑA RÚA con D.I. 36.000.748 – K
6. LUCÍA FREIRE CES con D.I. 33.298.366 – R
7. MIGUEL MALVIDO CABIRTO con D.I. 36.039.025 – A
8. NICOLASA CASTRO MONTEIRO con D.I. 76.407.326 – S

9. PAULO PAIO RUBIDO BARÁ con D.I. 36.128.417 – V
10. ANXO NOCEDA CARBALLO con D.I. 32.649. 378 – G
11. RENATO NÚÑEZ DA SILVA con D.I. 44.457.012 – J
12. FRANCISCO GONZÁLEZ SÍO con D.I. 36.147.178 – X


Indícase como domicilio para efectos de comunicación o da sede central da CIG, Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10, 15703 Santiago de Compostela, teléfono 981564300, fax 981571082 e correo electrónico [secretarioxeral@galizacig.gal](mailto:secretarioxeral@galizacig.gal)

O Comité de Folga delega expresamente nas estruturas sindicais e na representación legal do persoal que en cada caso se designen para os efectos de negociar servizos mínimos e outras cuestións operativas relacionadas co desenvolvemento da folga.

En virtude do anterior, **INTERESA** se teña por preavisada esta folga nos termos legalmente establecidos a todos os efectos.

En Compostela, a 29 de xaneiro de 2017.

Asdo.:



Paulo Simón Carril Vázquez  
Secretario Xeral da CIG